



## **DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

**C.P.I. FONTE DÍAZ (Touro)**

**CURSO 2019-2020**

### **MODIFICACIÓNS Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:**

- ✓ **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. COMPETENCIAS CLAVE**
- ✓ **CONTIDOS. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
- ✓ **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**
- ✓ **METODOLOXÍA**
- ✓ **ENVÍO DE TAREFAS**

Seguindo as instrucións ditadas pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** do 27 de abril de 2020 o departamento de inglés realiza as seguintes modificacións na programación didáctica, que afectan

1. aos contidos, procedementos e instrumento de avaliación,
2. aos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación,
3. á metodoloxía,
4. aos criterios de cualificación e
5. á entrega das tarefas.

## **1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE**

Os estándares de aprendizaxe, os criterios de avaliación e as competencias claves que se traballarán nesta terceira avaliación serán os que sinalan nas seguintes táboas:

### **1º ESO**

CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B1.1 Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</li> <li>▪B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</li> <li>▪PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.</li> <li>▪PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>CCL</b>-Comunicación lingüística</li> <li><b>CD</b>-Competencia dixital</li> <li><b>CAA</b>-Aprender a aprender</li> <li><b>CSC</b>- Competencias sociais e cívicas</li> <li><b>SIE</b>-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</li> <li><b>CCEC</b>- Conciencia e expresión cultural</li> </ul>

<p>B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</li> <li>▪B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.</li> <li>▪B4.1 Aplicar estratexias para elaborar textos escritos e breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.).</li> <li>▪B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscadas, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.</li> </ul>	<p>estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.</li> <li>▪PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.</li> <li>▪PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</li> </ul>	
--	---	--

## 2º ESO

CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</li> <li>▪ B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ ou descricións moi</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.</li> <li>▪PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa</li> </ul>	<p><b>CCL</b>-Comunicación lingüística  <b>CD</b>-Competencia dixital  <b>CAA</b>-Aprender a aprender  <b>CSC</b>- Competencias sociais e cívicas  <b>SIE</b>-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor  <b>CCEC</b>- Conciencia e expresión cultural</p>

<p>sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.</li> <li>▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.</li> <li>▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo.</li> <li>▪ B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscadas, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</li> </ul>	<p>idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</li> <li>▪ PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.</li> <li>▪ PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</li> <li>▪ PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.</li> </ul>	
---	--	--

### 3º ESO

CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</li> <li>▪ B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.</li> <li>▪ PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta</li> </ul>	<p><b>CCL</b>-Comunicación lingüística</p> <p><b>CD</b>-Competencia dixital</p> <p><b>CAA</b>-Aprender a aprender</p> <p><b>CSC</b>- Competencias sociais e cívicas</p>

<p>en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e que se poida volver escoitar o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</li> <li>▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.</li> <li>▪ B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</li> <li>▪ B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscadas, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</li> </ul> <p>B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.</p>	<p>claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.</li> <li>▪ PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.</li> <li>▪ PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</li> <li>▪ PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.</li> </ul>	<p><b>SIE</b>-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</p> <p><b>CCEC</b>- Conciencia e expresión cultural</p>
--	---	--

## 4º ESO

CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou</li> </ul>	<p><b>CCL</b>-Comunicación lingüística</p>

<p>estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.</li> <li>▪ B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.</li> <li>▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscadas, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas.</li> <li>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).</li> </ul>	<p>charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.</li> <li>▪ PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</li> <li>▪ PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.</li> </ul>	<p><b>CD</b>-Competencia dixital</p> <p><b>CAA</b>-Aprender a aprender</p> <p><b>CSC</b>- Competencias sociais e cívicas</p> <p><b>SIE</b>-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</p> <p><b>CCEC</b>- Conciencia e expresión cultural</p>
---	---	---

## 2. CONTIDOS

### 1º ESO

Grao mínimo de consecución para superar a materia de 1º ESO:  
Contidos mínimos.

#### Alumnado coa 1ª ou a 1ª e a 2ª avaliacións suspensas

Entrega QUINCENAL dun exercicio de cada unha das seguintes destrezas:

- unha lectura con preguntas de comprensión (comprensión escrita)
- unha redacción (expresión escrita)
- exercicios de gramática (estruturas sintácticas)
  - Pronomes persoais suxeito e obxecto.
  - Demostrativos
  - Posesivos
  - Adverbs of frequency: always, never, sometimes, often...
  - Connectors: and, but, or, because, so.
  - Verbos to be (presente e pasado), have got
  - There is/ there are /
  - Tempos verbais: presente simple, presente continuo
  - Verbo like/love/hate/don't mind + -ing
  - Preposicións de lugar: in, on, near, under, ...
  - Presente continuo
- exercicios de vocabulario (léxico)
  - Adxectivos de personalidade
  - Descrición física
  - O corpo humano. Adxectivos relacionados.
  - Actividades de tempo libre
  - Números cardinais

- Números ordinais
  - As horas
  - Obxectos da escola
  - Familia
  - Días da semana
  - Meses do ano
  - Roupas
- audición ou vídeo, con preguntas de comprensión (comprensión oral)

TAREFA	DATA DE PUBLICACIÓN	DATA LÍMITE DE ENTREGA
Tarefa 1	Luns, 4 de abril de 2020	Luns, 18 de abril de 2020
Tarefa 2	Martes, 19 de maio de 2020	Martes, 2 de xuño de 2020
Tarefa 3	Mércores, 3 de xuño de 2020	Mércores, 17 de xuño de 2020

**PUNTUACIÓN** - Estas actividades puntuaranse sobre un total de 10 PUNTOS. Cada un dos cinco apartados será puntuado sobre 2, estando o APROBADO na suma de a lo menos 5 puntos. Ao final do trimestre farase a media das actividades entregadas e se o alumno ou alumna acada unha media igual ou superior a 5 terá aprobada a materia cunha cualificación de APROBADO 5.

**Alumnado coa 1ª e a 2ª avaliacións aprobadas ou a 1ª suspensa e a 2ª aprobada cunha nota de 6 ou máis**

Ademais da realización de actividades de repaso dos contidos mencionados con anterioridade ampliaranse, na medida do posible e en entregas QUINCENAIS, contidos das seguintes unidades:

UNIT	GRAMMAR	VOCABULARY	READING	WRITING
Unidade 7	Pasado simple (afirmativa)	Programas de TV/ Ordenadores	Un concurso	Unha crítica dun programa de TV
Unidade 8	Pasado simple (interrogativa e negativa)	Instrumentos musicais	Música	Perfil persoal dun cantante



**PUNTUACIÓN** - Con estas tarefas, **non avaliábeis**, o alumnado poderá mellorar a cualificación. A mellora na nota será de 1 punto se envía o 100% das tarefas ou de 0,5 punto se envía o 50% e dependendo da calidade das mesmas.

O cálculo da porcentaxe de entrega farase deste xeito :

ACTIVIDADES	PORCENTAXE
Actividades do libro de exercicios ( <i>workbook</i> )	25%
Presentación	10%
Lectura e actividades sobre a mesma	20%
Tarefas 1 (4-18 maio)	15%
Tarefas 2 (19 maio-2 xuño)	15%
Tarefas 3 (3 de xuño-17 xuño)	15%

## 2º ESO

**Grao mínimo de consecución para superar a materia de 2º ESO:**  
**Contidos mínimos.**

### Alumnado que teña pendente o inglés de 1º ESO

Entrega dun exercicio de cada unha das seguintes destrezas:

- unha lectura con preguntas de comprensión (comprensión escrita)
- unha redacción (expresión escrita)
- exercicios de gramática (estruturas sintácticas)
  - Pronomes persoais suxeito e obxecto.
  - Demostrativos
  - Posesivos
  - Adverbs of frequency: always, never, sometimes, often...
  - Connectors: and, but, or, because, so
  - Question words
  - Verbos to be (presente e pasado), have got
  - There is/ there are /
  - Tempos verbais: presente simple, presente continuo
  - Verbo like + -ing

- Verbos modais: Can
- Preposicións de lugar: in, on, near, under, ...
- Presente continuo
- exercicios de vocabulario (léxico)
  - Adxectivos de personalidade
  - Descrición física
  - O corpo humano. Adxectivos relacionados.
  - Actividades de tempo libre
  - Números cardinais
  - Números ordinais
  - As horas
  - Obxectos da escola
  - Familia
  - Días da semana
  - Meses do ano
  - Roupas
- audición ou vídeo, con preguntas de comprensión (comprensión oral)

TAREFA	DATA DE PUBLICACIÓN	DATA LÍMITE DE ENTREGA
Tarefa	Luns, 4 de abril de 2020	Luns, 18 de abril de 2020

**PUNTUACIÓN** - Estas actividades puntuaranse sobre 10 puntos. Cada un dos cinco apartados será puntuado sobre 2. Este grupo de tarefas puntuarán o 60% da nota total. O outro 40% será o das actividades de recuperación entregadas antes da suspensión das clases. Se o alumno ou alumna acada unha media igual ou superior a 5 terá aprobada a materia cunha cualificación de APROBADO 5.

### **Alumnado coa 1ª ou a 1ª e a 2ª avaliacións suspensas**

Entrega QUINCENAL dun exercicio de cada unha das seguintes destrezas:

- unha lectura con preguntas de comprensión (comprensión escrita)
- unha redacción (expresión escrita)

- exercicios de gramática (estructuras sintácticas)
  - Pronomes persoais suxeito e obxecto
  - Indefinidos: some, any
  - Presente simple
  - Presente continuo
  - Pasado simple
  - Pasado continuo
  - Verbo like/love/hate/ + -ing
  - Present Perfect
  - There was/there were
  - Modais: can/can't, could/couldn't

- exercicios de vocabulario (léxico)
  - Actividades escolares
  - Acontecementos da vida
  - Rutinas
  - Destrezas e habilidades
  - Literatura
  - Roupa
  - Países e nacionalidades
  - Actividades de tempo libre
  - Profesións
  - Celebracións

- audición ou vídeo, con preguntas de comprensión (comprensión oral)

TAREFA	DATA DE PUBLICACIÓN	DATA LÍMITE DE ENTREGA
Tarefa 1	Luns, 4 de abril de 2020	Luns, 18 de abril de 2020
Tarefa 2	Martes, 19 de maio de 2020	Martes, 2 de xuño de 2020
Tarefa 3	Mércores, 3 de xuño de 2020	Martes, 17 de xuño de 2020

**PUNTUACIÓN** - Estas actividades puntuaranse sobre un total de 10 PUNTOS. Cada un dos cinco apartados será puntuado sobre 2, estando o APROBADO

na suma de a lo menos 5 puntos. Ao final do trimestre farase a media das actividades entregadas e se o alumno ou alumna acada unha media igual ou superior a 5 terá aprobada a materia cunha cualificación de APROBADO 5.

**Alumnado coa 1ª e a 2ª avaliacións aprobadas ou a 1ª suspensa e a 2ª aprobada cunha nota de 6 ou máis**

Ademais da realización de actividades de repaso dos contidos mencionados con anterioridade ampliaranse, na medida do posible e en entregas QUINCENAIS, contidos das seguintes unidades:

UNIDADE	GRAMÁTICA	VOCABULARIO	COMPRESIÓN ESCRITA	EXPRESIÓN ESCRITA
Unidade 5	Futuro Will / Conditional 0/1	Ciencias	Vida extraterrestre	Un texto de opinión
Unidade 9	Should/ shouldn't Must/mustn't	Saúde	Vida sa	Unha mensaxe

**PUNTUACIÓN** - Con estas tarefas, **non avaliábeles**, o alumnado poderá mellorar a cualificación. A mellora na nota será de 1 punto se envía o 100% das tarefas ou de 0,5 punto se envía o 50% e dependendo da calidade das mesmas.

O cálculo de porcentaxe de entrega farase deste xeito:

ACTIVIDADES	PORCENTAXE
Actividades do libro de exercicios ( <i>workbook</i> )	25%
Presentación	10%
Lectura e actividades sobre a mesma	20%
Tarefas 1 (4-18 maio)	15%
Tarefas 2 (19 maio-2 xuño)	15%
Tarefas 3 (3 de xuño-17 xuño)	15%

### 3º ESO

**Grao mínimo de consecución para superar a materia de 1º ESO: Contidos mínimos.**

**Alumnado que teña pendente o inglés de 2º ESO**

Entrega QUINCENAL dun exercicio de cada unha das seguintes destrezas:

- unha lectura con preguntas de comprensión (comprensión escrita)
- unha redacción (expresión escrita)
- exercicios de gramática (estruturas sintácticas)
  - Pronomes personais suxeito e obxecto
  - Indefinidos: some, any
  - Adxectivo: Comparativos e superlativos
  - Tempos verbais: presente simple, presente continuo; pasado simple; pasado continuo
  - Verbo like/love/hate + -ing
  - Verbos modais: could/ couldn't, can/can't
- exercicios de vocabulario (léxico)
  - Actividades escolares
  - Acontecementos da vida
  - Rutinas
  - Literatura
  - Roupas
  - Países e nacionalidades
  - Actividades de tempo libre
  - Profesións
- audición ou vídeo, con preguntas de comprensión (comprensión oral)

TAREFA	DATA DE PUBLICACIÓN	DATA LÍMITE DE ENTREGA
Tarefas	Luns, 4 de abril de 2020	Luns, 18 de abril de 2020

**PUNTUACIÓN** - Estas actividades puntuaranse sobre 10 puntos. Cada un dos cinco apartados será puntuado sobre 2. Este grupo de tarefas puntuarán o 60% da nota total. O outro 40% será o das actividades de recuperación entregadas antes da suspensión das clases. Se o alumno ou alumna acada unha media igual ou superior a 5 terá aprobada a materia cunha cualificación de APROBADO 5.

## Alumnado coa 1º ou a 1ª e a 2ª avaliacións suspensas

Entrega QUINCENAL dun exercicio de cada unha das seguintes destrezas:

- unha lectura con preguntas de comprensión
- unha redacción
- exercicios de gramática
  - Present simple (adverbs of frequency)
  - Presente continuo
  - Presente simple vs presente continuo
  - Pasado simple (verbos regulares e irregulares)
  - Pasado continuo
  - Comparative e superlativo
  - Cantidad (too, too much, too many, enough)
  - Modalidade (should/shouldn't; must, mustn't, have to/don't have to, can/can't, could/couldn't)
  - Presente perfecto
- exercicios de vocabulario
  - Vacacións
  - Comida
  - Intercambios escolares
  - Adxectivos de personalidade
  - Normas
  - Outras culturas
  - Programas de televisión
  - Xéneros cinematográficos
  - Adxectivos para describir e falar de películas, series ou programas de TV
  - Técnicas cinematográficas
  - Xéneros literarios

- Adxectivos para describir e falar dun libro
- audición ou vídeo, con preguntas de comprensión

TAREFA	DATA DE PUBLICACIÓN	DATA LÍMITE DE ENTREGA
Tarefa 1	Luns, 4 de abril de 2020	Luns, 18 de abril de 2020
Tarefa 2	Martes, 19 de maio de 2020	Martes, 2 de xuño de 2020
Tarefa 3	Mércores, 3 de xuño de 2020	Martes, 17 de xuño de 2020

**PUNTUACIÓN** - Estas actividades puntuaranse sobre un total de 10 PUNTOS. Cada un dos cinco apartados será puntuado sobre 2, estando o APROBADO na suma de a lo menos 5 puntos. Ao final do trimestre farase a media das actividades entregadas e se o alumno ou alumna acada unha media igual ou superior a 5 terá aprobada a materia cunha cualificación de APROBADO 5.

**Alumnado coa 1ª e a 2ª avaliacións aprobadas ou a 1ª suspensa e a 2ª aprobada cunha nota de 6 ou máis**

Ademais da realización de actividades de repaso dos contido mencionados con anterioridade ampliaranse, na medida do posible e en entregas QUINCENAI, contidos das seguintes unidades:

UNIDADE	GRAMÁTICA	VOCABULARIO	COMPRESION ESCRITA	EXPRESIÓN ESCRITA
Unidade 5	Pasado perfecto	Crime	Os peores criminais	Un artigo periodístico
Unidade 6	Pasiva de presente e de pasado	Medio ambiente Inventos	Enerxía eólica	Una noticia

**PUNTUACIÓN** - Con estas tarefas, **non avaliábelas**, o alumnado poderá mellorar a cualificación. A mellora na nota será de 1 punto se envía o 100% das tarefas ou de 0,5 punto se envía o 50% e dependendo da calidade das mesmas. O cálculo da porcentaxe de entrega farase deste xeito :

ACTIVIDADES	PORCENTAXE
Actividades do libro de exercicios ( <i>workbook</i> )	25%
Presentación	10%
Lectura e actividades sobre a mesma	20%
Tarefas 1 (4-18 maio)	15%
Tarefas 2 (19 maio-2 xuño)	15%
Tarefas 3 (3 de xuño-17 xuño)	15%

## 4º ESO

### Grao mínimo de consecución para superar a materia de 1º ESO: Contidos mínimos.

#### Alumnado que teña pendente o inglés de 3º ESO

A tarefa incluirá un exercicio de cada unha das seguintes destrezas:

- unha lectura con preguntas de comprensión
- unha redacción
- exercicios de gramática
  - Presente simple (adverbios de frecuencia)
  - Presente continuo
  - Presente simple vs presente continuo
  - Pasado simple (verbos regulares e irregulares)
  - Pasado continuo
  - Modalidade (should/shouldn't; must, mustn't, have to/don't have to, can/can't, could/couldn't)
  - Presente perfecto
  - Pasado perfecto
  - Pasiva de presente y de pasado
- exercicios de vocabulario
  - Vacacións
  - Comida
  - Intercambios escolares
  - Adxectivos de personalidade
  - Normas
  - Outras culturas
  - Programas de televisión
  - Xéneros cinematográficos



- Adxectivos para describir e falar de películas, series ou programas de TV
  - Técnicas cinematográficas
  - Xéneros literarios
  - Adxectivos para describir e falar dun libro
  - Ley e orde
  - Aparatos electrónicos
- audición ou vídeo, con preguntas de comprensión

TAREFA	DATA DE PUBLICACIÓN	DATA LÍMITE DE ENTREGA
Tarefa 1	Luns, 4 de abril de 2020	Luns, 18 de abril de 2020

**PUNTUACIÓN** - Estas actividades puntuaranse sobre 10 puntos. Cada un dos cinco apartados será puntuado sobre 2. Este grupo de tarefas puntuarán o 60% da nota total. O outro 40% será o das actividades de recuperación entregadas antes da suspensión das clases. Se o alumno ou alumna acada unha media igual ou superior a 5 terá aprobada a materia cunha cualificación de APROBADO 5.

### **Alumnado coa 1º ou a 1ª e a 2ª avaliacións suspensas**

Entrega QUINCENAL dun exercicio de cada unha das seguintes destrezas:

- unha lectura con preguntas de comprensión (comprensión escrita)
- unha redacción (expresión escrita)
- exercicios de gramática (estruturas sintácticas)
  - Presente simple
  - Presente continuo
  - Pasado simple
  - Pasado continuo
  - Presente perfecto
  - Pasado perfecto
  - Futuro: presente continuo, will, be going to, future perfect, futuro continuo

- Modais: can/can't, should/shouldn't, must/mustn't, have to/don't have to, may.
- Voz pasiva
- exercicios de vocabulario (léxico)
  - Adxectivos de personalidade
  - O mundo animal
  - Comida
  - Riscos e perigos
  - Advertencias
  - Instrucións de seguridade
  - Deportes extremos
  - Minimalismo
- audición ou vídeo, con preguntas de comprensión (comprensión oral)

TAREFA	DATA DE PUBLICACIÓN	DATA LÍMITE DE ENTREGA
Tarefa 1	Luns, 4 de abril de 2020	Luns, 18 de abril de 2020
Tarefa 2	Martes, 19 de maio de 2020	Martes, 2 de xuño de 2020
Tarefa 3	Mércores, 3 de xuño de 2020	Martes, 17 de xuño de 2020

**PUNTUACIÓN** - Estas actividades puntuaranse sobre un total de 10 PUNTOS. Cada un dos cinco apartados será puntuado sobre 2, estando o APROBADO na suma de a lo menos 5 puntos. Ao final do trimestre farase a media das actividades entregadas e se o alumno ou alumna acada unha media igual ou superior a 5 terá aprobada a materia cunha cualificación de APROBADO 5.

**Alumnado coa 1ª e a 2ª avaliacións aprobadas ou a 1ª suspensa e a 2ª aprobada cunha nota de 6 ou máis**

Ademais da realización de actividades de repaso dos contido mencionados con anterioridade ampliaranse, *na medida do posible e en entregas QUINCENAIAS*, contidos das seguintes unidades:

UNIDADE	GRAMÁTICA	VOCABULARIO	COMPRENSIÓN ESCRITA	EXPRESIÓN ESCRITA
Unidade 4	Oracións condicionais	Interacción social	Mundo social animal	Correo electrónico
Unidade 6	Estilo indirecto	Medio ambiente	Paraísos	Unha viaxe

**PUNTUACIÓN** - Con estas tarefas, **non avaliábelas**, o alumnado poderá mellorar a cualificación. A mellora na nota será de 1 punto se envía o 100% das tarefas ou de 0,5 punto se envía o 50% e dependendo da calidade das mesmas.

O cálculo da porcentaxe de entrega farase deste xeito :

ACTIVIDADES	PORCENTAXE
Actividades do libro de exercicios ( <i>workbook</i> )	25%
Presentación	10%
Lectura e actividades sobre a mesma	20%
Tarefas 1 (4-18 maio)	15%
Tarefas 2 (19 maio-2 xuño)	15%
Tarefas 3 (3 de xuño-17 xuño)	15%

### **Alumnado con Adaptación Curricular Individualizada**

No grupo de 4º de ESO está escolarizado un alumnado diagnosticado de trastorno do espectro autista (certificado de discapacidade do 49%), para o que se deseñou unha adaptación curricular.

O alumno asistía ó colexio tres días á semana e recibía apoio fóra da aula por parte das especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe durante sete horas.

Para darlle continuidade ó seu proceso de aprendizaxe faranse adaptacións metodolóxicas e de avaliación, continuando co apoio e asesoramento das especialistas de PT e AL, especialmente no referido aos materiais máis idóneos para traballar dende a casa. Hai que ter en conta que o alumno necesita supervisión e axuda constante para realizar as tarefas e non queremos nin debemos sobrecargar á familia cunha responsabilidade docente.

### 3. METODOLOXÍA

- Traballo estruturado e programado quincenalmente. A entrega quincenal permite a organización do alumnado do seu tempo de traballo e a consulta a través do correo electrónico de todas as dúbidas que se lles poidan ir xurdindo na realización das tarefas.
- Actividades variadas integrando as seguintes destrezas lingüísticas: comprensión e expresión escrita e comprensión oral.
- Alternancia de actividades do libro de exercicios ou do libro de texto con material online motivador e dinámico.
- Recursos e material variado (*webquests*, vídeos, plataforma de lectura dixital, exercicios en liña, xogos de vocabulario, ...)
- Flexibilidade no modo de entrega das tarefas. O alumnado poderá enviar as tarefas do modo que lle sexa máis cómodo e sinxelo dependendo da súa conectividade: fotografías dos exercicios do *workbook*, documentos de Word, fotografía das actividades nas libretas, capturas de pantalla,...
- Ampliación da data de entrega das tarefas para aquel alumnado que tivera Reforzo durante este curso.
- Envío de tarefas por parte da profesora será a través do **blog da materia**, OUR ENGLISH TOURo (<https://ourenglishtouro.blogspot.com/>)
- A comunicación entre alumnado e profesora para a resolución de dúbidas e dificultades, corrección das actividades e recordatorio das tarefas farase por medio do correo electrónico.
- Tanto as tarefas do alumnado pendente ou suspenso como as do alumnado aprobado serán quincenais.

## 4. CRITERIOS DE AVALIACION E CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación neste curso 2019/2020, os mesmos para os catro cursos da ESO, serán os seguintes:

Alumnado coas dúas avaliacións suspensas: **SUSPENSO**. Este alumnado deberá facer as actividades de recuperación que se lles envían.

Alumnado que teña a primeira avaliación suspensa e a segunda aprobada con 5: **APROBADO**. Aínda así este alumnado debería facer as actividades de recuperación/repaso que se lles envían.

Alumnado coas dúas avaliacións aprobadas ou a primeira suspensa e a segunda aprobada cunha nota de 6 ou máis: **APROBADO**.

Alumnado suspenso e coa materia pendente acadará o aprobado, 5, sempre e cando envíe as tarefas correspondentes correctamente e dentro do prazo que se lles indica.

O alumnado coas dúas avaliacións aprobadas ou a primeira suspensa e a segunda aprobada con 6 ou máis poderá enviar tarefas de repaso e tarefas dos contidos da terceira avaliación que se envían para mellorar a cualificación. A mellora na nota será de 1 punto se envía o 100% das tarefas ou de 0,5 punto se envía o 50% e dependendo da calidade das mesmas.

Este cálculo da porcentaxe de entrega farase do xeito que xa se indicou:

ACTIVIDADES	PORCENTAXE
Actividades do libro de exercicios ( <i>workbook</i> )	25%
Presentación	10%
Lectura e actividades sobre a mesma	20%
Tarefas 1 (4-18 maio)	15%
Tarefas 2 (19 maio-2 xuño)	15%
Tarefas 3 (3 de xuño-17 xuño)	15%

A nota final do alumnado que teña as dúas avaliacións aprobadas ou a primeira suspensa e a segunda aprobada con 6 ou máis será a suma do 40% da nota da primeira

avaliación máis o 60% da segunda. Poderá mellorar esta nota, como xa se indicou, co envío das tarefas ata 1 punto.

É importante lembrar que o redondeo farase coas tarefas enviadas; por exemplo, un alumno ou alumna cunha media das dúas primeiras avaliacións de 6,7 terá un 6. O redondeo a 7 farase sempre e cando envíe as tarefas como xa se detallou con anterioridade.

O alumnado que teña que examinarse en setembro farao dos contidos das dúas primeiras avaliacións do curso no que está matriculado ou dos contidos das tres avaliacións se está pendente do curso anterior. En calquera caso, esta proba consistirá en exercicios gramaticais e de léxico (40%), un exercicio de comprensión escrita (*Reading*) (30%) e un exercicio de expresión escrita (*Writing*) (30%).

## 5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE: ENVÍO DE TAREFAS

O envío de tarefas por parte da profesora farase, como xa se dixo anteriormente, a través do **blog da materia**, OUR ENGLISH TOURO (<https://ourenglishtouro.blogspot.com/>) con enlace na **páxina web do centro**. A información e contacto coas familias será basicamente a través do correo electrónico e de **espazoAbalar**, podendo ser puntualmente por vía telefónica. O recordatorio das tarefas ao alumnado farase por **correo electrónico**. O alumnado deberá facer o envío das actividades polo **correo electrónico** que se lles indicou e cumprindo os prazos indicados.

En Santiago de Compostela, a 7 de maio de 2020

Asdo. Carmen Forján García  
Xefa do Departamento de Inglés